
A TRABE DE OURO

PUBLICACIÓN GALEGA DE PENSAMENTO CRÍTICO



TOMO III./ ANO I./ 1990
Xullo • Agosto • Setembro

FEMINISMO E POLÍTICA
María Xosé Agra Romero

A LECCIÓN DE SARTRE
Georges Labica

A NACIÓN A XEITO DE ECOSISTEMA COMUNICATIVO
Enric Marín i Otto
Joan Manuel Tresserras

SOBRE OS DICCIONARIOS GALEGOS
Rosa López Fernández

PRIMEIROS XERMOLOS PARA UNHA HISTORIA DO PENSAMENTO GALEGO
Xosé Eduardo López Pereira

SOBRE CAMPESIÑADO E CAPITALISMO
X. Leopoldo Balboa López
Lourenzo Fernández Prieto

A SEGUNDA MODERNIDADE
Emilio Araúxo

¿OBXECTO DE ESTUDIO «MULLER» OU FEMINISMO?
Nieves Herrero

DEREITO DE AUTODETERMINACIÓN
Margarita Ledo Andión
Josep Maria Solé Sabaté

COPLAS DO ENTROIDO DE CANGAS

gotelo blanco

DEREITO DE AUTODETERMINACIÓN: UN EXEMPLO DOS LIMITES DEMOCRÁTICOS DO ESTADO ESPAÑOL VERBO DAS NACIONALIDADES[1]

Margarita Ledo Andión
Josep María Solé i Sabaté

O Parlamento de Cataluña declara, solemnemente, que Cataluña foma parte dunha realidade nacional diferenciada no conxunto do Estado(...)
O Parlamento de Cataluña manifesta que o acatamento do marco constitucional vixente, resultado do proceso de transición política da dictadura á democracia, non significa a renuncia do pobo catalán ao dereito á autodeterminación (...)

Un texto para deixar constancia formal de que non se renuncia a un dereito, o de autodeterminación, é aprobado en Comisión o 12 de decembro de 1989. A proposta partía de

[1] Comunicación na «Table-ronde internationale du *Grupe Européen sur les Practiques Politiques*, en Berlín (Freie Universität), os días 10 ao 13 de xuño de 1990.

Esquerra Republicana de Catalunya e obterá os votos favorables de CiU, de Iniciativa per Catalunya, do CDS e do Grupo Mixto. O PP non asiste. O PSOE vota en contra.

O Pleno do Parlamento Basco proclama, o 15 de febreiro de 1990, que:

> (...) o pobo basco ten dereito á Autodeterminación. Este dereito reside na potestade dos seus cidadáns para decidiren ceibe e democraticamente o seu status político, económico, social e cultural (...)

Os votos favorables son do PNV, EA e EE. Herri Batasuna maniféstase favorable a este primeiro punto. Votan en contra o PP, o PSOE e o CDS.

O 13 de marzo de 1990 o Pleno do Parlamento de Galicia debate unha proposta non de lei, presentada polo PSG-EG que recolle o dereito de Autodeterminación cos votos favorables do BNG e CG, que fixeron propostas propias coincidentes coa defensa do dereito á autodeterminación e diverxentes noutros extremos. Votaron en contra o PP e o PSOE.

Todo comeza cun acto ritual, a conmemoración simbólica dos dez anos de vixencia do Estatuto de Autonomía de Cataluña; un acto rotineiro no discurso político interno das tres nacionalidades do Estado; e este seu estatus de normalidade non facía pensar que fose converterse en noticiable, de acordo cos *news values* sedimentados. Pero, por razóns esóxenas, o feito referido roza un dos criterios de noticiabilidade —é noticia aquilo que os *media* constrúen como tal e sae cun tratamento *a páxina* nun xornal de grande tirada no contexto catalán e estatal, *El Periódico de Catalunya*, por outra banda próximo ás posicións do goberno central e polo tanto sen tendencia a crear falsos *scoops* a favor das reivindicacións nacionalitarias.

O tema, lanzado co título «El Parlament apuesta por la autodeterminación» (*El Periódico*, 13-12-89), ten como pano de fondo o defrontamento puntual entre Antonio Asensio, editor do xornal, e a decisión do goberno español a favor do grupo editor de *El País* para a adxudicación dun dos canais de TV privada. Ao escolmar o tipo de noticia molesta para o goberno español, *El Periódico* acerta nunha das cuestións sempre camufladas, inaceptable para as posicións centrais e capaz de pór ao descuberto tanto as súas carencias democráticas coma a falta de control político do PSOE sobre os tres territorios —Galicia, Euscadi e Cataluña— que teñen unha referencia cultural e histórica propia, e esta cuestión non é outra que o recoñecemento dun dereito colectivo, o de autodeterminación.

O día despois, o 14 de decembro, esta noticia-bomba demostra que dá no albo cando o prototipo dominante da prensa democrática, o xornal de maior tirada do estado, *El País*, convértea no tema editorial do día, engadíndolle un variante significativo no seu tratamento: o maniqueísmo. Rompendo co seu ton habitual de *bon sense*, de pretensa racionalidade, *El País*, a cabeceira xenuina e representativa da reforma española e da europeización —palabra usada como sinónimo de modernización, dentro da linguaxe hexemónica— referirase ao texto do *Parlament* co seguinte párrafo que deixamos en castelán:

> (...) ha sido una declaración por sorpresa, vergonzante, mediante una simple proposición de ley sacada de la manga (...)

A ESTRATEXIA DO MEDO, OUTRA VEZ

A partir da consideración dos *media* como forma de institución social, como activadores de referencias de comportamento, como modelizadores e singularmente empeñados no estado español en crearen opinión; a partir da hipótese de que o dereito de autodeterminación, emblemático para a cuestión nacional, a travé s do seu tratamento por parte dos *media*, podería ser denotativo do nivel real da súa aceptación no curso do proceso democratizador español, a espiral de reaccións que desencadeou a declaración do Parlamento catalán convértese en obxecto da presente análise e permitirá a localización de constantes tipificadas nas mecánicas propagandísticas, mecánicas reductoras da conciencia crítica ao manipular a información e negar o debate, que usan dos *media* como soporte para conservar a hexemonía pero que a través deste mesmo soporte deixan ao descuberto a súa febleza democrática.

A ausencia de argumentación política favorecedora da linguaxe imperativa e do recurso a fórmulas autoritarias, antidialogantes, que conlevan o uso de estereotipos, aparece, inmediatamente, xusto cando a noticia mediática —lanzada por *El Periódico*, anatemizada por *El País*— sae deste seu ámbito inicial para activar posicións gobernamentais, mesmo na figura do Presidente do executivo; sinalar á institución monárquica; demostrar o espírito prepotente do exército. A autodeterminación convértese, deste xeito, en proba do que presentamos como limites democráticos no proceso histórico do Estado Español en relación coas nacionalidades.

A noticia, que entrara nos *media* de maneira tanxencial, adquire de contado o rango de espectáculo a través da polémica e do síndrome de Euscadi, con incertezas de como podería xogar a cuestión autodeterminista no seo do binomio violencia-pacificación e, por fin, en Galicia, amplía a súa aura de asunto non grato coa prohibición, por parte do PP de Manuel Fraga, dun debate no programa da TV autonómica, *Contrafío,* xustamente a noite antes da celebración do debate no Parlamento.

Ao longo de catro meses o tema está nos *media*, pero para a mostra tipolóxica que se presenta escollemos como representantivo o primeiro mes, período que permitiu localizar como tópicos para a creación dun clima social de inseguridade arredor da autodeterminación, os seguintes:

Desvirtuamento de contidos. Identifícase mecanicamente autodeterminación e independencia.

Procura de elementos de sustitución. Profundización autonómica para o PSOE; autoidentificación para o PP.

Xogo de falsos contrarios establecendo a falsa incompatibilidade Autodeterminación--Constitución; Constitución-Transformación da Constitución; Modificación da Constitución-Involución (neste punto é central o símbolo do exército franquista).

Propagación de xuízos morais —non políticos— que se refiren á infidelidade/solidariedade, á ruptura das regras de xogo; xuízos refrendados na constante do criterio de eficacia como o lugar da ma conciencia —as cousas son así porque teñen que ser así—, para encher con proposicións rápidas aquilo sobre o que non se permitirá a información nin o debate; por iso hai que recorrer ó estereotipo, como xa fora feito noutras ocasións polo Goberno e en temas tan importantes coma o referendo OTAN ou os custos sociais da reconversión industrial selvaxe que se propiciou.

DE LEGALIDADE DUBIDOSA A DELITO DE TRAICIÓN

> Wolfgang Wendel, voceiro do Consulado da Alemaña Federal en Barcelona, considera "lóxica" e politicamente "consecuente" a Declaración do Parlament Catalá» (Avui, 14-12-89). O Ministro de Asuntos Exteriores chamará a consulta ao Embaixador en Madrid para lle advertir que os depoimentos do Consulado son interpretados como inxerencia en asuntos internos.

Nin a aparición de novos variantes no panorama internacional nin a ampliación e actualización da Declaración de Alxer que comeza a se preparar, serven para avantar no establecemento dun novo cadro de relacións simbólicas Estado Español-Nacionalidades ou Nacións, tal e como demostrará a vía que impón o Goberno central para liquidar da escena política o dereito de autodeterminación.

A réplica *in crescendo* que articula o Goberno español articúlase coa calificación de «legalidade dubidosa» do Ministro para as Administracións Públicas —precisamente o responsable das cuestións autonómicas— *La Vanguardia* (15-12-89) e, inmediatamente, a Ministra Portavoz falará abertamente sobre a *Unidad de España*: «mentres o PSOE goberne, a unidade de España non se pon en cuestión», e engadirá que «o nivel de confianza creba», que actuacións deste tipo «poñen en risco o traballo xa feito», que «este tipo de iniciativas é prexudicial para a vida institucional» (*Diario 16*, 16-12-89). A posición oficial do executivo é referendada, así mesmo, por un abano de presidentes de autonomías rexionais que insistirán en que é «un paso atrás» (Murcia); trátase de «un debate superado» (Catela-León); «estou contra tales metafísicas» (Madrid); «Non ten maior sentido» (Extremadura); «é un anacronismo, supón percorrer o camiño inverso ao emprendido no ano 1492» (*sic*) (A Rioxa); «non se pode aspirar ao tren de alta velocidade, que pagamos todos os españois, e ao mesmo tempo pór sobre a mesa o xogo da autodeterminación» (Principado de Asturias).

Mentres se recollen as adhesións dos presidentes rexionais e antes de o Ministro de Exteriores dicir «a autodeterminación é inaplicable en España», en Bilbao celébrase a primeira manifestación multitudinaria en defensa da autodeterminación basca, convocada por Herri Batasuna.

E chégalle a quenda ao Presidente do Executivo, Felipe González: «a nosa posición é e será sempre a unidade de España. O Goberno non irá cara á modificación constitucional» (*Ya*, 21-12-89).

A seguinte fase fará intervir ao Monarca, quen, no seu discurso de Nadal insiste, como cuestión prioritaria, na «indisoluble unidade». A partir de agora esta reiteración de unidade indisoluble convértese en comodín para o derradeiro elo da cadea: o Exército.

Así, en ocasión da celebración o día 6 de xaneiro da Pascua Militar, ábrese a ofensiva. «Tres capitáns xenerais apelan á indisoluble unidade da Patria», titulou *El País* (7-1-90), que recolle, asemade, as advertencias, nese mesmo acto, do Presidente do Executivo, quen declarou estar disposto a utilizar algúns dos mecanismos *excepcionais* (o suliñado é noso) previstos no título oitavo da Constitución.

O ciclo péchase coa posición de Fraga Iribarne, aínda sen investir como Presidente da Xunta, nun artigo publicado en *El Correo Gallego*-Compostela/*ABC*-Madrid (11-1-90), que resume a cuestión así: «A unidade de España foi o limite que moitos trazamos a cal-

quera concesión. Que ninguén o esqueza. O Goberno e as Forzas Armadas lembraron xa as súas obrigas constitucionais ao respecto. A Coroa, coma sempre, exerceu o seu maxisterio moderador. Que ninguén se chame a engano: non estarán sós (...)»

Hai xusto un mes que o Parlamento de Cataluña declaraba non renunciar a ese dereito democrático agora convertido no símbolo maior do exorcizado. Ademais das condenas gobernamentais, a operación complétase con artigos de opinión dun número significativo de intelectuais-funcionarios (ligados á política oficial, á administración, a determinados sectores do estamento académico) que se esforzan en lle dar certa cobertura técnica á campaña e deixan campo aberto para que floreza o nunca solucionado nacionalismo espiritualista español, con ideolexemas que nos conducen á retórica dos pactos de sangue para xustificar que a Constitución é inamovible ou que un pobo é un pobo porque o quere así a Constitución: «o pobo representado polo *Parlament* —di Miguel A. Aparicio en *El Pais* (15-12-89)— é o definido polas normas constitucional e estatutaria e non pode identificarse co suxeito do dereito á autodeterminación». «Hai un feito inequívoco —mantén Jordi Solé Tura (*El País*, 22-12-89)— que a nosa Constitución non contempla (o dereito de autodeterminación) e que no instante no que se estaba a elaborar foi rexeitado de maneira explícita». Por fin, Ricardo Lezcano (*El País*, 28-12-89) decídese por soster que «a autodeterminación *oculta* a procura da independencia, a *secesión* (...) bertóns nostálxicos dun nacionalismo fragmentado propio da Idade Media». É o derradeiro paso na degradación dun xénero: o intento de reducir o inimigo á parodia, chámenelle Idade Media ou Terceiromundismo, para tapar o feito de que, nestes dez anos —e agora recollemos a voz crítica do notario Josep M. Puig Salellas, en *La Vanguardia* (17-1-90)— aquela pretensa descentralización non foi tal senón que, a través da atomización, o sistema autonómico «resultou un hábil procedemento para entreter a xente mentres que o Estado —de cada vez máis poderoso—, explorando a fondo as ambigüidades da Constitución e do Estatuto Catalán, con compracencia do Tribunal Constitucional— peza chave para desmontar a autonomía política— pon a andar o proceso de recuperación de competencias».

Porque impedir que a teoría política, o pensamento, sitúe o seu ámbito de análise no balanzo de fins e obxectivos, como proceso, a partir das mediacións que o poder articule para non deixar pasar nin tan sequera unha declaración formal, indícanos ata que punto non resistiría o Poder o exercicio efectivo de tal dereito. O diario *El Mundo del siglo XXI*, de recente creación e especialmente vixiante dos desvíos gobernamentais, ofrecía os resultados dunha sondaxe realizada por «Sigma Dos» en Galicia, Euscadi e Cataluña, o 14 de xaneiro de 1990, a propósito da autodeterminación: máis do sesenta por cento a favor, en Cataluña; case o cincuenta e catro, en Euscadi; case o 22 por cento en Galicia, onde a resposta «Non responde» sobe do 33 por cento. Nas tres nacións sae positiva a necesidade da reforma constitucional.

NOTA.–O 27 de maio de 1990, organizacións do movemento nacionalitario europeo reunidas en Barcelona a través da CONSEO, asinan a Declaración Universal dos Dereitos Colectivos dos Pobos, que, no seu título IV, Art. 20, sinala que os dereitos individuais fican rebaixados cando non se recoñecen os dereitos colectivos.

Segundo a prensa, asistiu a tal xuntanza, por Galicia, o BNG e outras organizacións que tal formación seleccionou. Non puideron asistir a FPG, proposta por Herri Batasuna, nin a APU, ambas polo veto do BNG.